

## Concello de Viveiro

### EXPEDIENTE.- 1055/2022

Dna. MARÍA LOUREIRO GARCÍA, en calidade de Alcaldesa- Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 12 de maio de 2022, relativo a Convocatoria para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 05/05/2022 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2022, con número de expediente: 1055/2022.

Vistas as Bases Xerais e anexo para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade.

Vistas as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 05/05/2022 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias.

Visto o resultado da selección da Oferta de Emprego con n.º 12-2022-5183 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Tendo en conta que despois da remisión de candidatos dende o SPEG, resultaron admitidos 2 (DOUS), polo que foi preciso realizar demanda de mais candidatos, co obxectivo de cubrir a totalidade das prazas.

Os postos de socorristas están vacantes é polo que se realiza unha ampliación de oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) en Viveiro.

Tendo en conta que o Servizo Público de Emprego de Galicia nos remite novos aspirantes.

Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 05/05/2022 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias.

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de socorrista, dende o **14 de xuño de 2022 ata o 16 de xuño de 2022 (ámbolos dúas incluídos).**

**SEGUNDO.-** Indicar que as bases xerais, anexo e bases específicas polas que se establecen as normas para a selección de 6 socorristas para as praias para o ano 2022, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos



## Concello de Viveiro

---

programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 05/05/2022 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2022, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es).

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade.

***(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)***

